

O PSdeG de Friol critica que o alcalde “non asume compromisos” e dille que “hai que facer, non só pedir”

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

Os socialistas lamentan que o rexedor “confunda aos veciños” dicindo que investimentos “tan importantes” como o transporte escolar ou os accesos da vía Friol-Sobrado poden supoñer un risco para as arcas municipais, “cando presume dun remanente dun millón de euros e isto non supón máis de 60.000”

O PSdeG de Friol critica que o alcalde “vende acordos plenarios como beneficios e preocupación do Concello para os veciños, cando demostra que non está disposto a asumir compromisos” e dille que “tamén hai que facer algo desde o Concello, e non só pedir”, poñendo como exemplo que o rexedor presume do acordo para os accesos viarios Friol-Sobrado “cando só se limita a pedir cartos doutras administracións”.

O voceiro socialista, Álvaro Santos, lamenta que Muíña “confunda aos veciños” dicindo que “investimentos tan importantes” como o transporte escolar ou os accesos da vía Friol-Sobrado poden supoñer un risco para as arcas municipais, “cando presume dun remanente dun millón de euros e isto non supón máis de 60.000”. Ademais, critica que “o PP só aprobou no pleno pagar o transporte escolar aos rapaces que deciden estudar na cidade de Lugo, e non aceptou dar axudas aos que o fan noutros sitios, para darlle facilidades a todos, como pedía a iniciativa socialista”.

“Nós non temos ningún problema en pedir axuda á institución que faga falta, sexa a Xunta ou a Deputación, tal e como xa demostramos no pleno”, afirma Santos, “pero o que non podemos consentir é ter un alcalde que cruza os brazos esperando axuda e que non goberna para os veciños, que é a función do Concello como institución máis cercana á xente, aínda que o PP isto non o entenda”, asegura.

Lugo, 28 de xuño de 2013